



CONCELLO DE VIGO
Secretaría de Goberno Local

D^a. PATRICIA RODRIGUEZ CALVIÑO, CONCELEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VIGO

C E R T I F I C O: Que a Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do **5 de decembro de 2025**, adoptou o seguinte acordo:

11.- APROBACIÓN DA LISTA DEFINITIVA DE ADMITIDOS E EXCLUÍDOS NO PROCESO DE PROVISIÓN DO POSTO DE XEFE/A DO SERVIZO DE CONTABILIDADE XERAL. EXPTE.1915/1102.

Sométese a aprobación o informe-proposta do 02/12/2025, asinado pola secretaria de Goberno local e conformado pola concelleira delegada de Recursos Humanos e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

En data 8 de agosto de 2025 a Xunta de Goberno Local prestou aprobación as bases reguladoras da provisión do posto de xefe/a do servizo de Contabilidade Xeral mediante o sistema de concurso específico. No mesmo acto aprobouse a convocatoria do procedemento para a provisión do posto .

En data 20 de agosto de 2025 publicouse no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra núm. 157 as bases que rexe a convocatoria.

En data 9 outubro de 2025 publicouse no Diario Oficial de Galicia núm. 195 extracto da convocatoria.

En data 18 de outubro de 2025 publicouse no Boletín Oficial del Estado núm. 251 anuncio da convocatoria polo cal procedeuse a apertura do prazo de presentación de instancias.

En data 7 de novembro de 2024 rematou o prazo de presentación de instancias durante o cal, segundo consta no expediente, presentáronse os seguintes aspirantes

En data 14 de novembro, a Xunta de Goberno Local prestou aprobación provisional de admitidos e excluídos no procedemento de provisión do posto de Xefe/a do servizo de Contabilidade Xeral

O acordo estivo exposto ao público dende o 17 de novembro ata 1 de decembro de 2025 na sede electrónica e taboleiro de anuncios segundo certificado

Trancorrido o prazo de dez días procede elevar a definitiva a lista provisional de admitidos e excluídos de conformidade coa cláusula terceira das bases da convocatoria.

E por isto polo que se eleva a Xunta de Goberno Local conforme o disposto no artigo 127.1.h da Lei 7/85, do 2 de abril, das bases de réxime local, a seguinte proposta de **ACORDO**

PRIMEIRO.- Prestar aprobación a lista definitiva de admitidos e excluídos no procedemento de provisión do posto de xefe/a do servizo de Contabilidade Xeral



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 09/12/2025 10:21	Páxina 1 de 3
250350345	CSV: A5AAD4-C65F3E-AAD1DE-8M6A1H-LBU2VW-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

ASPIRANTE

DNI

OSCAR MIGUEL VEGA ANDION

3292*

SANDRA BUENO REY

1249*

SEGUNDO.- Designar aos membros da comisión de valoración conforme a cláusula quinta das bases da convocatoria que de seguido se relacionan:

Presidente/a:

Titular: D. Luis García Álvarez, Tesoureiro Director superior contable e Orzamentario.
Suplente: D. Alberto Escariz Couso, interventor xeral do Concello de Vigo,

Vogais

Titular: Dna María de Carmen Pazos Area, directora de ingresos e xestión catastral de legada.

Suplente: Dna. Ángela Fernández López, xefa do Servizo de Contratación

Titular: Dna. Maria de Mar Suárez del Campo, viceinterventora xeral adxunta,
Suplente: Dna. Maria Dolores Hernández Vidal, xefa do Servizo de Fiscalización,

Titular: D. Antonio Villanueva Guimeráns, xefe do Servizo de Administración Electrónica.

Suplente: Dna Susana Garcia Álvarez, letrada_ xefa de Asesoramento,

Secretario/a:

Titular: Dna. Susana Gallardo Fariña, secretaria de Goberno Local ,
Suplente: Dna. Pilar del Carmen Saborido, secretaria de Administración Municipal.

TERCEIRO.- Convocar aos membros da Comisión de Valoración a sesión constitutiva e de valoración provisional dos méritos que terá lugar o día 16 de decembro de 2025 as 9:00 h na sala de xuntas da Secretaría do Concello (primeiro andar).

CUARTO.- Contra este acordo, e de conformidade co previsto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo, poderase interpoñer recurso de reposición perante o mesmo órgano que a ditou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao presente notificación, ou ben, directamente recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa. Se se interpón o primeiro, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que se resolva expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

QUINTO.- Publicar o presente acordo no taboleiro de edictos e páxina web do Concello.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 09/12/2025 10:21	Páxina 2 de 3
250350345	CSV: A5AAD4-C65F3E-AAD1DE-8M6A1H-LBU2VW-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO
Secretaría de Goberno Local

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E para que así conste e produza os seus efectos, emito a presente certificación coa salvedade do artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, de orde do Excmo. Alcalde, en Vigo na data da sinatura dixital.

SGF/me.

V. e Pr.
O ALCALDE,
Abel Caballero Álvarez.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 09/12/2025 10:21	Páxina 3 de 3
250350345	CSV: A5AAD4-C65F3E-AAD1DE-8M6A1H-LBU2VW-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		